

TEMA 12.- O FRANQUISMO (1939-1975)

- Réxime franquista: 1939 (fin Guerra Civil) – 1975 (morte de Franco).
- Mantívose inalterable desde o punto de vista político; coñeceu cambios relacionados ca variación do contexto internacional e situación económica.
- Características dos primeiros 20 anos da ditadura franquista:
 - Reacción contra a obra modernizadora da II República.
 - Imposición dos valores propios dos sectores que o apoiaban.
- En 40 anos prodúcese dous fenómenos históricos contrapostos:
 - Sistema politicamente inalterable, baseado no poder ditatorial de Franco.
 - A partir de 1960, modernización acelerada da economía española = cambio da estrutura da poboación española.

1.- A NATUREZA E OS APOIOS DO RÉXIME FRANQUISTA

- 1939-1975: ditadura dun xeneral que encarnaba os valores dos vencedores da Guerra Civil. Só responsable “ante Deus e a Historia”.

1.1.- O pensamento político de Franco

- Militar africanista, católico.
- Nacionalismo español agresivo e excluín-te.
- Valores nacionais para Franco, os do exército:
 - Xearquía.
 - Disciplina.
 - Orde.
- Apoio da Igrexa durante a Guerra Civil / agora intensifícanse os seus sentimentos relixiosos. **Catolicismo e Patria, unidos.**
- **Nacionalismo agresivo**, baseado nunha interpretación heroica da historia de España.
- **Inimigos naturais**: liberais, masóns, anarquistas, xudeus, socialistas e comunistas.
- Idea de España **monolítica e homoxénea**: unidade, non diferenzas, eliminación dos separatismos.
- **Contra a democracia e a separación de poderes.**

1.2.- A natureza da ditadura franquista

- FRANQUISMO, 3 CARACTERÍSTICAS:

- **DITADURA PERSOAL**
- **UNIPARTIDISMO**
- **DIVISIÓN PERMANENTE ENTRE VENCEDORES E VENCIDOS**

- Versión española do fascismo:

- Estado novo, antidemocrático e totalitario.
- Submisión a un caudillo.
- Represión.
- Negación das liberdades básicas.
- Falta de garantías xurídicas.
- Celebración de grandes concentracións de militantes.

- Sobreviviu tres décadas aos fascismos europeos, grazas á súa adaptación ás circunstancias internacionais e sociais. Sen embargo nunca renunciou aos seus principios básicos.

- SINGULARIDADES:

- Non creou un partido único tan unido.
- Exército e catolicismo tiveron maior influencia.
- Non levou á práctica principios racistas, aínda que apelaba á raza e deostaba aos xudeus.

1.3. Os apoios da ditadura

- EXÉRCITO

- IGREXA

- FALANXE

- TRADICIONALISTAS (CARLISTAS)

- A DEREITA MÁIS CONSERVADORA

- Ningún tivo máis peso; Franco fixo a vista gorda ante a corrupción, que non se denunciou por falta de liberdade de prensa.
- Abandonou pronto o anticapitalismo da Falanxe.

a).- O exército e a Igrexa

- O exército foi o apoio máis decidido e fiel. Ocuparon a maioría dos altos cargos políticos. Tamén a Garda Civil, Policía e Armada. Formaban o chamado “poder disuasivo”.

- A Igrexa foi o poder legitimador da ditadura. A cambio obtivo importantes concesións, s.t. desde a sinatura do **Concordato coa Santa Sé (1953)**. Nas fachadas das igrexas colocáronse lápidas cos nomes dos mortos do bando franquista na G.C. **S.e. non foi un apoio monolítico**, especialmente no País Vasco e Cataluña. Tras o Vaticano II (1962-65), houbo un distanciamento progresivo.

b). Os falanxistas e os carlistas

- **Falanxe e tradicionalistas foron os piares ideolóxicos do réxime.**
- A Falanxe predominou na primeira etapa. Corpo burocrático do Estado; funcións de propaganda e organización do Sindicato Vertical.
- A partir de 1958 impúxose o “**Movemento Nacinal**”: as dúas forzas, Falanxe (FET) e JONS, únense e toman o poder.

c). Outros apoios sociais

- **Os terratenentes, financeiros, empresarios, pequenos e medianos propietarios agrarios e clases medias das zonas rurais**, foron outros apoios.
- Ademais, como apoio popular indirecto estivo a **desmobilización política da sociedade española**, debido a:
 - Propaganda
 - Recordo da G.C.
 - Sobre todo á censura.
- É o fenómeno coñecido como da “**maioría silenciosa**”, “maioría ausente” ou “franquismo sociolóxico”.

2.- O PROCESO DE INSTITUCIONALIZACIÓN

- **3 ETAPAS POLÍTICAS**, relacionadas co seu proceso de institucionalización:

a).- FASE TOTALITARIA (1939-1959)

b).- FASE TECNOCRÁTICA (1959-1969)

c).- FASE DE DESCOMPOSICIÓN (1969-75)

2.1. A fase totalitaria (1939-1959)

- **CARACTERÍSTICAS:**

- Retroceso económico.
- Involución ideolóxica.
- Dureza da represión.

- 3 SUBFASES:

- A II Guerra Mundial (1939-1945)
- O illamento internacional (1945-1950)
- A Guerra Fría (1950-1959)

a).- A II Guerra Mundial (1939-1945)

- Condicionou a política interior da España franquista.
- España declarouse **neutral** nun primeiro momento, para pasar despois á **non belixerancia**. Sen embargo mostrou unha **aberta simpatía polas potencias do Eixe**: envío da División Azul; aumento dos signos externos que identificaban ao franquismo co fascismo.
- A partir de **1942**, co inicio das vitorias dos aliados, volta a ser **neutral** e inicia contactos coas potencias aliadas.
- Neste contexto créanse dúas novas institucións:
 - **As Cortes** (a primeira reunión o 17 de marzo de 1943).
 - **O Foro dos Españóis** (17 xullo 1945, un “sucedáneo” de constitución).

b).- O illamento internacional (1945-1950)

- Fin II Guerra Mundial: ditadura illada, diplomática e economicamente. Considerada polos vencedores como o último reducto do fascismo.
- En 1946 a ONU non acepta a España.
- O goberno francés pecha a súa fronteira con España.
- Por recomendación da ONU, os países membros retiraron aos seus embaixadores (excepto Arxentina).
- Franco presentou isto como unha **conspiración internacional dos inimigos do réxime**. Sen embargo, adoptou medidas para **mellorar a imaxe**, como a **Lei de Sucesión** (1947): España quedaba constituída como un reino, aínda que Franco continuaba a se o Xefe de Estado a perpetuidade. El designaba ao sucesor, que debía ser un Rei. Tamén crea **dúas novas institucións**: o **Consello de Rexencia** e o **Consello do Reino**. En 1948 o **Príncipe Juan Carlos de Borbón ven a educarse en España, e en 1969 é nomeado herdeiro por Franco**. “Todo queda atado y bien atado”.

c).- Intensificación da Guerra Fría (1950-1959)

- Co aumento da presión entre USA e URSS cobra gran valor o anticomunismo español. España adquire un gran valor estratéxico e militar e prodúcese un **cambio de actitude de**

EE.UU. cara a ditadura franquista:

- 1949: creación da OTAN; préstamo de EE.UU. ao estado español.
- 1950: a ONU anula o illamento.
- 1952: España é admitida na UNESCO.
- 1953: **EE.UU, Pacto de Madrid**; creación de bases militares americanas en España.
- 1953: Concordato co Vaticano.

- Consecuencia: **lexitimación exterior do franquismo** desde o punto de vista político e relixioso.

- 1955: ESPAÑA É ADMITIDA NA ONU.

- 1958: **Lei Fundamental de Principios do Movemento Nacional:**

- Vixencia dalgúns principios falanxistas.

- Principios permanentes e inalterables.

- Todos os cargos públicos debían xuralos e acatalos.

2.2.- A fase tecnocrática (1959-1969)

- Desde o punto de vista político, inclusión no goberno dos **TECNÓCRATAS**.

- Desde o punto de vista social, **MODERNIZACIÓN** acelerada da economía e sociedade españolas. Sen embargo non houbo cambios no sistema político, a pesara das:

- **LEI DE PRENSA (1966): Fraga.** Supresión da censura previa; leve liberdade de expresión; pero numerosos controis, sancións...
- **LEI DE LIBERDADE RELIXIOSA (1967):** tolerancia para o culto privado doutras relixións.
- Moi importante foi a **LEI ORGÁNICA DO ESTADO (1966):**
- Aprobada nun referendo sen garantías.

- Especie de constitución franquista; fin: asegurar a continuidade do réxime tras a morte do ditador.
- **Definición do Estado como un reino.** Fidelidade aos principios do Movemento.
- Separación da Xefatura do Estado da Presidencia do Goberno.
- Tres anos máis tarde (1969), designou ao **Príncipe Juan Carlos de Borbón** como sucesor.
- **Fin do illamento internacional:**
 - Maior presenza no estranxeiro.
 - Ampliación das relacións con Europa.
 - España integrouse en organizacións internacionais, sobre todo económicas: FMI, Banco Mundial, OCDE. Acordos comerciais e políticos con Alemaña e Francia.
 - Normalización paulatina das relacións internacionais.
 - **1962: petición de adhesión á CEE; foi denegada por tratarse dun réxime ditatorial.**

2.3. A fase de descomposición (1969-1975)

- **1º síntoma de descomposición: o deterioro físico de Franco = maior delegación no seu home de confianza, Luís Carrero Blanco.**
- **Outros sinais de descomposición: distanciamento progresivo da Igrexa e maior capacidade de mobilización da oposición.** Isto agravouse nos últimos anos con accións terroristas de **ETA e FRAP.**

a).- TENSIONES INTERNAS

- Tensións continuas entre dous sectores do réxime:
 - **Os inmovilistas:** sen cambios.
 - **Os aperturistas:** evolución cara unha democracia limitada.
- Contradicións entre o Movemento Nacional e os partidos políticos, prensa libre...
- **Consecuencia: parálise política.** Agravouse co **asasinato de Carrero Blanco** (Xefe do Goberno) en 1973.

b).- O GOBERNO DE ARIAS NAVARRO

- **1974-1975:** Presidente do Goberno, **Arias Navarro = maior represión**, sobre todo ante a existencia dunha asociación clandestina de **militares demócratas: a UMD** (Unión Militar Democrática).
- **Anos 70:** aceptación polas democracias occidentais, pero só desde o punto de vista económico. Hostilidade continua da URSS.
- **1975: Arias Navarro ordenou 5 sentenzas de morte** de militantes do FRAP e ETA = **execucións = gran protesta internacional unida á do Papa Pablo VI;** moitos países retiraron as súas embaixadas. **Consecuencia: volta ao illamento internacional e moral.**
- **Reacción do réxime:** manifestación e discurso de Franco na Praza de Oriente; atribuíu a situación aos “inimigos exteriores” de España.

3. REPRESIÓN E OPOSICIÓN

- Unha característica que nunca abandonou o réxime: **A REPRESIÓN** contra o movemento democrático e de esquerdas, fronte os valores da República e contra os nacionalismos.
- Non había esperanza algunha de reconciliación nacional.
- A pesar disto, desde o final da G.C. había **movimentos de resistencia ao réxime**, en España e no exilio.

3.1. A represión política, social e cultural

- **A represión** contra os movementos democráticos e de esquerda manifestouse en **dúas leis:**
 - **LEI DE RESPONSABILIDADES POLÍTICAS (1939)**
 - **LEI DE REPRESIÓN DA MASONERÍA E DO COMUNISMO (1940)**
- Os delitos políticos someteríanse á **xurisdición militar.**
- **Consecuencia:** miles de persoas foron encarceradas polas súas ideas políticas. Continua aplicación da **pena de morte** ata o final.

- **En 1963**, creación do **TOP (Tribunal da Orde Pública)**, para xulgar delitos políticos (os de terrorismo estaban reservados ao exército). Destaca o **Proceso 1001** contra CC.OO, en 1973.
- **É o chamado TERROR QUENTE**. Pero tamén se desenvolveu o chamado **Terror frío**: depuración no mundo administrativo, cultural e docente.
- En canto á **REPRESIÓN CULTURAL**, consistiu na imposición dos valores dos vencedores; censura e manipulación de libros de texto, incluso **terxiversación da historia**; propaganda, etc.

3.2.- A oposición

- Desenvolvéronse **tres frontes de loita antifranquista**:

- **MOVEMENTO OBREIRO: PCE, PSOE, CNT**. Nunca cesou, continuou na clandestinidade. Houbo numerosas execucións de dirixentes e militantes. Diminuíu nos anos 50.
- **OS MONÁRQUICOS**: nobreza e alta burguesía; conspiracións (por ex. en 1943 un grupo de militares pide a Franco a restauración da monarquía). En 1941 **Juan de Borbón** pide a restauración da monarquía na súa persoa.
- **OS MAQUIS**: guerrilla; dous grupos: en zonas de montaña e no exterior (loitaron contra os alemáns en Francia). Destaca a **ocupación do Val de Arán**. Sen embargo foron illados e reprimidos pola Garda Civil, o recordo da guerra, etc. = **fracaso**. Ademais, en 1948 o PCE renuncia á loita armada.
- **Cambio de orientación a partir de 1950**:
 - Renuncia á violencia por parte da oposición interna.
 - Cambio: orientación da oposición cara a **universidade e sindicatos franquistas**.
 - Folgas (ex. a de funcionarios de tranvía en Barcelona en 1951).
 - **Reacción do réxime: maior represión**:
- **LEI CONTRA A BANDIDAXE E TERRORISMO (1958)**
- **LEI DE ORDE PÚBLICA (1959)**
- Para dar maior flexibilidade ás demandas salariais creouse a **LEI DE CONVENIOS COLECTIVOS (1958)**.

3.3.- A oposición desde a fase tecnocrática ao final da ditadura (1959-1965)

- **1962: CONGRESO DE MÜNCHEN:** resposta enérxica de Franco= desterro cando volveron.

- Características da oposición 1960-1970:

- Continuación da **conspiración monárquica** por parte de persoas vinculadas a D. Juan.
- **Fortalecemento paulatino da oposición** e das críticas ao réxime (en toda a sociedade). Movemento obreiro, folgas, asembleas, manifestacións, etc. Unido á **axitación na Universidade**.
- **Accións terroristas de ETA e FRAP.**
- Ademáis, **PCE e PSOE** configuráronse como os partidos máis importantes da clandestinidade, liderados por **Santiago Carrillo e Felipe González**, respectivamente.
- En **1974** créase a **JUNTA DEMOCRÁTICA:** unión da oposición a iniciativa do PCE.
- **1975**, creación da **PLATAFORMA DE CONVERGENCIA DEMOCRÁTICA**, arredor do **PSOE**.
- Todo isto pon de manifesto a unión de diferentes clases sociais fronte ao franquismo. A sociedade española, sen abandonar as mobilizacións, esperaba e preparábase para a morte do ditador, que abriría novas alternativas para a implantación da democracia.

4. OS CAMBIOS NA ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA

- Primeiros anos do franquismo: caída da poboación.

- Despois da posguerra, **cambios:**

- Caída progresiva da mortalidade.
- Diminución da natalidade.
- Migración das zonas rurais ás urbanas e industriais.
- Cambio na estrutura da poboación activa.

4.1.- Balance demográfico da Guerra Civil

- Perdas totais de poboación debidas á Guerra Civil: aínda sen acordo. Crese que se perdeu preto de **un millón de persoas**, incluíndo o exilio dunhas 300.000 persoas.

- Importantes repercusións demográficas:

- Caída da natalidade.
- Aumento da mortalidade.
- Diminución do número de homes respecto ao de mulleres.
- Repercusións sociais importantes:
 - **Profunda división entre vencedores e vencidos:** a represión franquista afectou directamente a máis de 800.000 familias e, indirectamente, a moitas máis. A consecuencia foi o mantemento do odio ou resentimento.
 - **Despois da guerra**, descenderon as taxas de natalidade e mortalidade; destaca o crecemento dos nacementos na década de 1960, coincidindo coa acelerada industrialización e urbanización do país.

4.2.- Os movementos migratorios

- Durante a ditadura tiveron lugar os **fluxos migratorios máis importantes da Historia de España:**

- **Éxodo rural** para buscar traballo nas zonas industrializadas a partir de 1950.
- Desde 1958, migración importante por motivos laborais cara **países europeos**.

a).- Década dos 60: expansión económica; intensificación da **migración interior:** mantívose ata o final da ditadura. É o **éxodo rural**, con dúas tendencias:

- Das zonas agrícolas do interior, cara ás zonas industriais da periferia.
- Dentro de cada rexión, de núcleos pequenos cara os máis grandes.

As familias inmigrantes asentáronse nas áreas suburbanas, sen infraestruturas e con problemas de vivenda. A consecuencia foi a aparición do chabolismo e o crecemento desmesurado das cidades (disparates urbanísticos).

b).- Migración exterior: paralización durante a II Guerra Mundial, reactivouse entre 1946-1950 cara **América Latina**. Entre 1959-73, multiplicouse, sobre todo cara **países europeos** (case 2 millóns de persoas).

- Causas: efectos do **Plan de Estabilización** (moito paro) e ao aumento da oferta de traballo no exterior.
- Consecuencias: diminución do paro; contacto dos emigrantes cos sindicatos libres e cos partidos **políticos** estranxeiros.

4.3.- A poboación activa

- A súa evolución reflicte os cambios da sociedade española entre 1950 e 1975.
- A poboación activa do **sector primario** reduciuse en máis da metade; esta tendencia continuou nos anos seguintes.
- Aumento da poboación activa nos sectores **industrial e de servizos**.

5. A EVOLUCIÓN ECONÓMICA

- **Distínguense dous grandes períodos:**

- 1939-1959: coincide coa fase totalitaria.
- 1959-1973: expansión económica; coincide co Plan de Estabilización e a crise final da ditadura.

5.1. A longa posguerra

- A Guerra Civil supuxo un elevado custo económico e a **devastación do país**.
- **Causas:** os enormes gastos en armamento, a destrución de edificios e redes de comunicación, a diminución da poboación agrícola e industrial, o descenso da renda e o illamento internacional.
- Pero non era normal que o estancamento e depresión económica durase **case 20 anos**. Ademais, as condicións laborais eran pésimas e empeorou o nivel de vida respecto ao da II República.
- Só houbo un lixeiro crecemento en 1953-1954.

- Polo tanto, **a mala situación económica española non se debía unicamente ás consecuencias da guerra, senón á política adoptada polo réxime franquista.**

5.2.- A Autarquía (1939-1950)

- A década dos 40 foron tempos moi difíciles: restricións eléctricas, **fame e miseria**, a obsesión polo alimento levou ao **estraperlo**.

- O franquismo optou pola **autarquía** económica: vontade de illarse economicamente do exterior e aproveitar os recursos propios; intervención do Estado na produción e distribución de bens e na fixación dos prezos, etc.

- **1941, creación do INI** (Instituto Nacional de Industria), co fin de que o Estado puidese fabricar o que a empresa privada non podía. Estivo **mal xestionado** (déficit público).

- **A autarquía resultou imposible**; España non tiña materias primas imprescindibles nin fontes de enerxía; non producía alimentos, o que levou ao **rationamento e estraperlo** (mercado negro).

- Intentouse desindustrializar deliberadamente o País Vasco e Cataluña por ser territorios considerados contrarios ao réxime e perigosos.

- Sen embargo, unha parte da poboación beneficiouse desta situación: os estraperlistas, funcionarios corruptos e bastantes empresarios favorecidos polo clima de “paz laboral”.

- As **consecuencias** foron un **deterioro das condicións de vida da clase traballadora e a baixada de salarios** (ao nivel de 1913). Polo tanto, **amentaron as desigualdades sociais** e houbo un **empobrecemento xeral** da poboación, **progresou a corrupción** da administración pública e a falta de estímulos económicos.

5.3.- A década de 1950

- 1951-1957: inicio da **recuperación económica**:

- Non abandono da autarquía, pero si **supresión dalgunhas medidas intervencionistas**.
- Ademais, fin do illamento internacional e inicio da axuda estadounidense.
- A consecuencia foi un **crecemento económico moderado**.

- Melloras salariais ante as mobilizacións obreiras = lixeiro aumento da demanda interior.
- Sen embargo, foi un crecemento **non equilibrado; 2 consecuencias:**
- **Aumento da inflación** polo aumento dos salarios.
- **Aumento dos pagos das importacións** = diminución das reservas estatais (en 1957, practicamente insolvencia).
- **Solución: plan de estabilización;** o Estado volveu a recorrer a préstamos internacionais e ao racionamento.

5.4.- A expansión económica (1959-1973)

- **PLAN DE ESTABILIZACIÓN, 1959:** inicio do “**milagre español**” (1963-1973): período de gran crecemento económico. Rematou coa crise final da ditadura franquista (1973-75)

- 1957: situación económica grave, Franco incorpora ao goberno a técnicos expertos en economía, os **TECNÓCRATAS**, moitos vinculados ao Opus Dei. Prepararon o **Plan de Estabilización e Liberalización (1959)**.

- **2 grandes obxetivos:**

- **Frear a inflación** (estabilizar prezos e salarios).
- **Liberalizar o sector exterior.**

- Tamén se desvalorizou a peseta e fíxose unha tímida reforma fiscal. España conseguiu axuda do FMI e OECE (Org. Europea de Coop. Económica).

- O Plan supuxo a **modificación da autarquía** e o establecemento das bases para un **sistema capitalista clásico**.

- Franco aceptou a contragusto, pois ía contra os seus principios ideolóxicos.

- **Resultados:** negativos nos primeiros meses (aumento do paro, etc.), pero **efectos positivos a partir de 1961, co inicio dunha etapa de expansión económica sostida**.

5.5. Causas da expansión económica

- Na década dos 60 España pasou a ser un país industrializado. As causas foron:
 - A aparición de novos recursos económicos: como **o turismo. Entrada de divisas**, moi importante para o desenvolvemento español.
 - **Investimento de capital estranxeiro**: favoreceuno, porque era unha ditadura e non había dereito á folga, a man de obra era máis barata e pagábanse menos impostos.
 - **A exportación de man de obra** debido á situación expansiva da economía europea. Dobre beneficio para o franquismo: chegada de divisas dos emigrantes e redución do paro.
- **Outra causa** foron **os polos de desenvolvemento** impulsados polo goberno, cunha duración de 4 anos cada un, entre 1963-1975. Dentro deles, ademais doutras medidas de incentivo á empresa privada, promocionáronse os chamados **polos de desenvolvemento** en novas cidades industriais, como Valladolid, Huelva, Vigo, Burgos, Sevilla, etc..

5.6.- A crise (1973-1975)

- A expansión económica dos 60 **freouse a partir de 1973 por unha grave crise**:
 - Comezou por causas externas (aumento do prezo do petróleo).
 - A 1ª consecuencia foi a inflación; a segunda, o aumento do déficit comercial e a terceira, o aumento do déficit presupostario (o Estado tiña máis gastos que ingresos).
- **Nos últimos anos da ditadura**, endurecemento do réxime e aumento das reivindicacións sociais, pola influencia das novas circunstancias sociais e internacionais.

6. AS TRANSFORMACIÓN DA SOCIEDADE

- **Primeira etapa do franquismo (1939-1959)**, produciuse un xiro da sociedade española cara **formas máis conservadoras**.

- **2ª Etapa (1959-1975)**, debido á modernización económica, cambios sociais profundos:

- Sociedade maioritariamente urbana.
- Cambio na estrutura de clases.
- Modificación das pautas de conduta.
- Mellora do nivel educativo.
- Progreso da laicización e retroceso da influencia da Igrexa.

- Sen embargo, aínda existían **grandes desequilibrios territoriais e de renda**.

6.1. Unha sociedade urbana

- Factor de modernización da sociedade española. Concentración crecente da poboación nas cidades e nos seus arredores.

- Expansión urbana caracterizada por:

- Falta de planificación = degradación dos conxuntos históricos.
- Crecemento desordenado e de mala calidade da periferia.

- O predominio da sociedade urbana, unido ao retroceso dos xornaleiros e á aparición dunha clase de agricultores medios, deu lugar a **un dos cambios máis importantes da historia contemporánea de España: a disolución do bloque de poder** formado pola coalición de intereses financeiros, agrarios e burocráticos, unha das bases da oligarquía do S.XIX e dos sublevados da Guerra Civil.

6.2. O cambio da estrutura de clases sociais e a mentalidade

- **Cambios no campo:**

- Descenso drástico do número de xornaleiros.
- Mellora salarial e acceso á propiedade por parte dos arrendatarios.

- Perda de prestixio e peso na economía dos terratenentes = situación pacífica no campo. **Facilita o acceso á democracia.**

- **O crecemento das cidades:**

- Aumento do número de traballadores da industria e servizos, que se concentran nas cidades.
- Cambio de mentalidade do movemento obreiro: organizado arredor das clandestinas CC.OO., con demandas salariais e de dereitos democráticos. Ao final da ditadura aumentan os conflitos laborais, pero destaca o **talante reformista do movemento obreiro.**
- Como consecuencia, as clases medias deixaron de velo como unha ameaza.
- Outras melloras: construción de vivendas sociais, ou a **Lei de Bases da Seguridade Social, en 1963.** Difundía a sensación de mellora do benestar social dos traballadores.

- **As clase medias aumentaron** cualitativa e cuantitativamente. Nova clase cunha mentalidade máis aberta e dinámica, menos amedrentados que a vella burguesía antes os cambios e as situacións de conflito. O voto desta nova clase media é unha das razóns da tendencia centrista do electorado español nos primeiros anos da democracia.

6.3. A situación da muller durante o franquismo

- Retorno ao sistema de valores tradicionais machistas, perda dos avances e dereitos conseguidos na II República.
- Sometemento ao home. A función da muller queda relegada á maternidade, coidado dos fillos e do fogar.
- Derrogouse o divorcio.
- Prohibición do uso de anticonceptivos.
- A muller casada era obxecto de represión por parte do marido; debíalle obediencia e pedir permiso para traballar fora da casa.
- **O machismo** chega ao extremo de que o delicto de adulterio só castigaba ao cometido pola muller.
- **Educación:** prohibición da coeducación; imposición da ensinanza do traballo no fogar.
- Dificultade para o acceso ao mundo laboral.

- **Década de 1970, modificacións:** cambios legislativos respecto á muller solteira, coeducación , etc. Acceso á ensinanza universitaria.

6.4. Cultura e pensamento

- **Fin do florecemento cultural español** dos primeiros 30 anos do S.XX.
- Desconfianza cara os intelectuais.
- Situación de “páramo cultural”; dominio da **censura**. Severa depuración da prensa tras a guerra e creación dun enorme aparato de medios de comunicación estatais.
- Restablecemento da **cultura católica e nacional tradicional**.
- Exaltación do triunfo na Guerra Civil. Referencia histórica ao pasado imperial.
- Rexeitamento de calquera movemento cultural vangardista.
- **Educación**, sobre todo nos primeiros anos, **controlada pola Igrexa católica**, incluída a universitaria. Depuración do profesorado liberal ou progresista; **censura eclesiástica sobre espectáculos e libros**.
- **Anos 60, isto vai diluíndose**. Incluso no seo na Igrexa nacen movementos de oposición ao réxime, aínda que a xerarquía eclesiástica continúa sendo , en xeral, o puntal do franquismo ata os anos 70 (abandonos; ex.: do Cardeal Tarancón, etc..).
- **Promoción da cultura de masas** de entretemento e evasión (cine, literatura rosa, “a festa nacional”, fútbol).
- **Anos 50: indicios de cultura non oficial** con algúns intelectuais; correntes ao marxe das oficiais.
- **A Universidade converteuse nun foco permanente de axitación**. Intensificación nos anos 60.
- **O réxime, presionado, realizou algúns intentos de liberalización**.
 - **LEI DE PRENSA , 1966**. Novas publicacións; tímida crítica ao réxime...
- **últimos anos: imposición da cultura liberal**. A cultura foi un dos campos de maior fracaso do franquismo.

6.5. A morte de Franco

- **Franco morre o 20 de novembro de 1975**.
- **Testamento político**, reiteración das ideas básicas do seu réxime:
 - Catolicismo como base.
 - Patriotismo; sentimento autoritario.
 - Rexeitamento das ideas de democracia e liberdade.

- Fin da ditadura máis longa da España Contemporánea; o país abríase á **incertidume**. **S.e., o réxime franquista desapareceu cunha sorprendente rapidez. TRANSICIÓN,** relativamente rápida e pacífica.
- **España regresaba ao seo dos países democráticos.**